

2º POSTO – CATEGORÍA ADULTA

A LIÑA DA FRONTE

Púxenme a escoitar o son da choiva dende a fiestra o día no que o vin por primeira vez. Lembro que o ceo encollérase nun ademán cincento aquela tarde, na que unhas nubes densas se precipitaron con furia sobre o asfalto. O resultado foi unha choiva incesante que caeu durante horas, humedecendo as beirarrúas sedentas, encomendadas a abrazar aos vellos edificios da miña rúa. Foi no bloque de enfronte onde distinguín a súa silueta recortada no horizonte.

Aquel home espigado de faciana esbrancuxada fitábame coas cortinas descorridas, parapetado tras o cristal da xanela. Abesourábame con impertinencia, sen intención de disimular. Decontado me decatei de que pechaba un dos seus ollos apuntándome fixamente co outro. Os seus brazos en posición de ataque, tensaban os músculos coma se procurasen un disparo certo. Aínda que o facía con manifesta indiscreción e nun movemento ateigado de mímica, sen arma, pensei que aqueles desafiantes xestos ameazadores non tardarían en converterse nun feito. Semellaba un francotirador! Convín que quizais se tratase dun antigo combatente, un experto militar reconvertido en sicario.

Desde a miña xanela, podía distinguir a súa efíxie engurrada, cicelada en faccións versadas talvez en multitude de contendas bélicas. Unhas lides que probablemente resultaran tan cruentas que o afixeran a menosprezar o valor das vidas humanas, rebaixándoas a prexuízo inevitable no fragor da batalla. Repasei un por un os meus asuntos pendentes: débedas irresolutas, amores desaferrollados, inimizadas acérrimas...

Non atopei a ninguén que acubillase verdadeiros motivos para matarme. En todo caso, non deixaba de preguntarme o motivo polo que un misterioso suxeito completaba aquel ritual cada vez que eu saía á xanela. Vixiaríame?

Pensei en chamar á policía ou contratar un detective privado: o primeiro non me conviría en absoluto, se me investigaban a fondo poderían chegar a algúns asuntos turbios que me comprometerían e para o segundo, non dispoñía de aforros abondo. Tratei de seguir a miña rutina con normalidade. Cada vez que saía á rúa para ir traballar ou a tomar algo ao Peter Cat, obsesionábame mirando cara todos lados por se alguén me perseguía.

Foi unha noite sen lúa cando por fin abriu a fiestra. Nos seus ollos preñados de carraxe, adiviñei a mirada iracunda do rancor. As súas pupilas afiadas semellaban perseguir o rastro incerto de estrelas acochadas. Un alarido desordenado asolagou de súpeto a rúa no silencio da noite detida e vin como esta vez si, dispoñíase a apertar o gatillo.

Foron soamente tres os disparos que me proferiu. Disparounos co alongado pau dunha escoba: –Por fin estás morto! –gritou eufórico inzando os brazos en sinal de vitoria.

Un home máis novo, levouno para o interior da casa mentres ao lonxe se distinguía o eco desleigado da súa voz porfiando: –Acabei co inimigo, gañamos a guerra!

Practica a
Leiteratura



Ao día seguinte, escoitei á miña veciña do primeiro, comentar nas escaleiras que o alzhéimer devoraba sen piedade a memoria daquel home. Disque outrora fora coronel do exército e que o seu fillo, o veciño de enfronte, fíxose cargo del.